

OFERTA DE OBRADOIROS QUÉROTE+ PARA CENTROS EDUCATIVOS

A Consellería de Política Social e Xuventude a través dos centros Quérote+ oferta para o curso 2022-2023 unha serie de obradoiros de interese para o alumnado de 3º ESO, FP básica, e familias.

A centro educativo poderá solicitar o obradoiro que lle resulte de interese cumprimentando o formulario dixital dispoñible en <http://xuventude.xunta.es/querote-mais>.

Características:

- Formato **presencial**
- Duración: 100 minutos, o que se corresponde con dúas clases lectivas consecutivas
- Metodoloxía: dinámica e participativa.
- Grupo: os obradoiros realízanse por liñas educativas salvo casos excepcionais, onde poderán facerse agrupacións que non superen as 30 persoas.
- Organización: o persoal de Quérote+ contactará vía telefónica o antes posible, tras a recepción da solicitude, para acordar a data da actividade.

A recepción da mesma non supón a aceptación directa da realización do obradoiro.

Os centros Quérote+ darán unha resposta á solicitude en base a diversos criterios operativos: dispoñibilidade de datas, dispoñibilidade horaria, axuste da solicitude ás condicións da oferta, etc.

OFERTA DE OBRADOIROS PARA CENTROS EDUCATIVOS: 3ºESO

SEXUALIDADE

3º ESO

A mocidade, de forma xeral, segue a ter unha visión da sexualidade estigmatizada, estereotipada e mitificada, estando presentes de forma explícita e implícita unha serie de elementos que deforman e repercuten na visión e na vivencia da sexualidade. Mozas e mozos seguen a manifestar dúbidas e inquedanzas sobre aspectos básicos do feito de ser sexuado e teñen dificultades para acceder a fontes de información fiables que lles aporten ferramentas útiles que contribúan no seu proceso de sexuación.

Obxectivos:

- Desmantelar mitos, estereotipos e falsas crenzas presentes na sexualidade
- Estimular a valoración crítica dos mozos e mozas no acceso e análise da información sobre sexualidade
- Impulsar a perspectiva da diversidade
- Favorecer a autonomía reflexiva e construtiva de rapaces e rapazas na construción da súa identidade

IMAXE CORPORAL E AUTOESTIMA

3º ESO

A imaxe corporal representa non só o aspecto físico da persoa, senón o concepto, a visión e a valoración que a persoa ten sobre si mesma; o autoconcepto e a autoestima. Cando a valoración que unha persoa fai sobre si mesma é positiva, repercute tamén positivamente no desenvolvemento da súa vida, actividades e accións. Porén cando a autoestima é negativa pode representar unha eiva no desenvolvemento da persoa.

Ter unha imaxe corporal positiva significa sentirnos satisfeitos/as do noso aspecto, apreciar as capacidades do noso corpo e impulsar as nosas potencialidades.

Obxectivos:

- Contribuír ao coñecemento, aceptación do corpo e da imaxe corporal de forma satisfactoria e positiva, respectando o amplo abano de peculiaridades e capacidades que conforman a diversidade humana.
- Tomar conciencia da propia imaxe e favorecer a súa aceptación
- Poñer en valor a diversidade corporal.
- Reforzar as habilidades para fortalecer unha personalidade crítica e analítica co contexto social e cultural.

CONVIVENCIA E RELACIÓNS SOCIAIS

3º ESO

Nos centros de ensino establécense vínculos co grupo de iguais, compártense experiencias e momentos significativos no proceso de construción persoal. Como espazos de convivencia que son, tamén xorden conflitos e, ás veces, estes poden levar a que os rapaces e rapazas se sintan feridos/as e agredidos/as por condutas e problemas cos seus compañeiros e compañeiras. Dependerá de como se aborden os conflitos, que estes poidan resultar negativos, ou ben converterse nunha oportunidade para aprender dun mesmo e dos demais.

Obxectivos:

- Fomentar o uso do diálogo como vía principal ante os enfrontamentos, evitando respostas como a agresión, a violencia ou a submisión.
- Auspiciar a adquisición de habilidades comunicativas e de relación asertivas.
- Potenciar o desenvolvemento de actitudes asertivas e empatía nos procesos de interacción persoal.
- Fomentar as relacións de apoio entre iguais.
- Distinguir entre as distintas técnicas de mediación e xestión ante un conflito.

USO SEGURO E RESPONSABLE DAS CONTORNAS VIRTUAIS

3º ESO

O mundo virtual, a través das redes sociais, representa a día de hoxe un dos espazos de socialización máis significativos para a mocidade. A posibilidade de estar permanentemente en liña e acceder a unha gran cantidade de recursos e información, converte este espazo dixital nunha contorna na que se trasladan feitos, eventos, emocións e mesmo conflitos. Polo tanto, vólvese precisa a abordaxe socio-educativa que dote á mocidade de ferramentas para un uso e xestión positiva das contornas virtuais, evitando ademais situacións negativas e prexudiciais.

Obxectivos:

- Coñecer os distintos elementos que forman parte dos procesos comunicativos e de relación, analizando como inflúen nos diferentes contextos, sexan físicos e/ou virtuais.
- Potenciar o espírito crítico e a análise reflexiva no acceso á información no mundo dixital.
- Achegar ferramentas para unha xestión responsable, positiva e construtiva das redes sociais.
- Reflexionar sobre o impacto das tecnoloxías na vida cotiá

PREVENCIÓN DO CONSUMO DE DROGAS E ADICIÓN S EN SUBSTANCIAS

3º ESO

A normalización social que existen en relación aos consumos, tanto de sustancias como de xogos e apostas, converte á mocidade en poboación vulnerable e susceptible de verse afectada polas repercusións dun abuso e/ou posible adicción. A abordaxe de estratexias preventivas sobre as adiccións, vólvese fundamental en etapas como a adolescencia para evitar situacións prexudiciais e negativas no seu desenvolvemento persoal e social. O fenómeno das adiccións vai máis aló das sustancias. As denominadas adiccións non químicas, adiccións sociais, de conduta, están cada vez máis presentes na sociedade e é importante que os rapaces e rapazas teñan información sobre este tema para dotalos de recursos de protección e dunha contorna saudable.

Obxectivos:

- Promover un ocio saudable libre de consumos.
- Impulsar e promover a análise crítica da información e as mensaxes recibidas en relación aos consumos.
- Auspiciar unha actitude crítica e responsable como factor de protección fronte ás adiccións.

SEXUALIDADE

FP BÁSICA

A mocidade, de forma xeral, segue a ter unha visión da sexualidade estigmatizada, estereotipada e mitificada, estando presentes de forma explícita e implícita unha serie de elementos que deforman e repercuten na visión e na vivencia da sexualidade. Mozas e mozos seguen a manifestar dúbidas e inquiredanzas sobre aspectos básicos do feito de ser sexuado e teñen dificultades para acceder a fontes de información fiables que lles aporten ferramentas útiles que contribúan no seu proceso de sexuación.

Obxectivos:

- Contribuír á unha actitude de cultivo cara a sexualidade.
- Analizar as actitudes que temos e como inflúen na nosa vivencia e na do noso entorno.
- Expoñer a sexualidade coma unha fonte de diversidade e riqueza.
- Expoñer estratexias para a abordaxe de situacións particulares arredor da sexualidade: identidade, orientación, xestión de intimidade.
- Reflexionar sobre as masculinidades tóxicas e as novas masculinidades.
- Subliñar a importancia do bo trato e dunhas relacións sas, indicando as situacións que constitúen violencia sexual.
- Favorecer a autonomía reflexiva e construtiva de rapaces e rapazas na construción da súa identidade.

IMAXE CORPORAL E AUTOESTIMA

FP BÁSICA

A imaxe corporal representa non só o aspecto físico da persoa, senón o concepto, a visión e a valoración que a persoa ten sobre si mesma; o autoconcepto e a autoestima. Cando a valoración que unha persoa fai sobre si mesma é positiva, repercute tamén positivamente no desenvolvemento da súa vida, actividades e accións. Porén cando a autoestima é negativa pode representar unha eiva no desenvolvemento da persoa.

Ter unha imaxe corporal positiva significa sentirnos satisfeitos/as do noso aspecto, apreciar as capacidades do noso corpo e impulsar as nosas potencialidades.

Obxectivos:

- Contribuír ao coñecemento, aceptación do corpo e da imaxe corporal de forma satisfactoria e positiva, respectando o amplo abano de peculiaridades e capacidades que conforman a diversidade humana.
- Tomar conciencia da propia imaxe e favorecer a súa aceptación
- Poñer en valor a diversidade corporal.
- Reforzar as habilidades para fortalecer unha personalidade crítica e analítica co contexto social e cultural.

OFERTA DE OBRADOIROS PARA CENTROS EDUCATIVOS: FAMILIAS

REDES FAMILIARES:

Educación emocional e sexual na familia.

Familias con menores a cargo de calquera idade

Dende os centros Quérote+ avógase polo traballo conxunto e integral cos diferentes axentes educativos implicados directa e indirectamente nos procesos de ensinanza - aprendizaxe. As familias son, sen dúbida, o espazo de socialización por excelencia e o catalizador de todo proceso educativo cos nenos e nenas e cos mozos e mozas. O obradoiro de Redes Familiares ten como finalidade crear un espazo de reflexión no que compartir inquedanzas, dúbidas e dificultades co obxectivo de construír ferramentas educativas que contribúan positivamente no desenvolvemento dos seus fillos e fillas. Neste obradoiro centrarémonos na educación emocional e sexual desde a casa.

Obxectivos:

- Crear un espazo seguro para poder falar das dúbidas, preocupacións e dificultades da crianza sen sentimentos de culpa o xuízos de valor.
- Dotar de coñecementos básicos para a educación sexual.
- Construír de ferramentas que axuden na xestión diaria da educación dos fillos e fillas.